

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

EXTRACTO da Resolución do 29 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa Reencontros na Terra para residentes no exterior durante o ano 2019 (código de procedemento PR926B).

BDNS (Identif.): 449457.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas emigrantes galegas que reúnan os requisitos establecidos nos números 1, 2, 3 e 4 da resolución da convocatoria.

Segundo. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas correspondentes ao programa Reencontros na Terra para o ano 2019, orientado a promover o contacto das persoas galegas residentes no exterior coa súa terra, mediante un período de estada nunha residencia e, posteriormente, coas súas familias, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 29 de marzo de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa Reencontros na Terra para residentes no exterior durante o ano 2019 (código de procedemento PR926B).



Cuarto. *Importe*

As subvencións do presente programa teñen a consideración de axudas en especie e, consecuentemente, non supoñen contabilización do gasto. Os servizos que se prestan ás persoas participantes neste programa serán obxecto de licitación de acordo coa normativa de contratos do sector público.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

